



A poeta Dores Tembrás, durante o recital de clausura do encontro da Federación Galeusca na Biblioteca de Estudos Locais da Coruña

CASTELEIRO

A FEDERACIÓN GALEUSCA REXEITA UNHA NORMATIVA QUE "SUPEDITA O GALEGO Á HEXEMONÍA DO CASTELÁN"

## Escritores vascos e cataláns únense aos galegos no combate ao decreto

Os tres gremios denuncian as políticas "de afronta e negación dos distintos idiomas nacionais" por parte do Goberno central

REDACCIÓN  
GALICIA  
cultura@xornaldeg Galicia.com

As asociacións de escritores vascos e cataláns, que presiden Ander Iturrriotz e Guillem-Jordi Graells respectivamente, súmanse ao ronsel de críticas que está a recibir o chamado decreto do plurilingüismo antes mesmo da súa aprobación na Xunta. A Federación Galeusca, que estes dous colectivos integran co gremio galego, presidido por Cesáreo Sánchez Iglesias, fixo pública ante unha declaración institucional na que fai constar o seu "rexeitamento rotundo" á aprobación, "unilateralmente imposta polo Goberno galego", da polémica norma.

"Por primeira vez na democracia", continúa a argumentación dos escritores, "[o decreto] fai retroceder a presenza horaria e a consecuente posibilidade de aprendizaxe,

para a mocidade e a infancia, do idioma galego, propio e oficial de Galiza, que afonda na súa condición de lingua minorizada e supeditada á hexemonía do castelán".

A declaración é resultado da asemblea da Federación Galeusca, que se reuniu onte na Coruña coincidindo coa celebración na cidade da vixésimo sétima edición dos encontros de escritores galegos, vascos e cataláns, este ano baixo o título *A literatura en galego, éuscaro e catalán: unha viaxe con futuro*. Un recital poético na Biblioteca de Estudos locais, no que participaron as poetas galegas Olalla Cociña e Dores Tembrás, o mallorquino Miquel Bezares, o biscaíño Nikolas Zimarro e o músico Xabier Díaz, puxo fin á noitua o programa de actividades.

### "RESPECTO EQUITATIVO"

O rexeitamento ao decreto é só un dos sete puntos recollidos nas conclusións da asemblea da Federación Galeusca, que Cesáreo Sánchez Iglesias leu na Biblioteca de Estudos Locais acompañado por Ander Iturrriotz e Guillem-Jordi Graells. Os escritores tamén demandan do Goberno central "garantías e respecto equitativo" para as catro literaturas

### QUENDA DOS MOZOS

Os escritores mozos recollen a semana vindeira o testemuño da Federación Galeusca. Tamén na Coruña, pero no Pazo de Exposicións Kiosko Alfonso, celébrase o sábado 6 de novembro o quinto Encontro de Novos Escritores, patrocinado pola Deputación da Coruña, a Concellaría de Cultura da cidade e o Centro Español de Dereitos Reprográficos (Cedro). O programa abrirano Celso Fernández Sanmartín, Oliver Laxe e Álvaro Negro coa mesa redonda *Que ten a poesía que ninguén a le pero todos a precisamos?*, coordinada por Antía Otero. Leticia Costas, Olalla Cociña e Lucía Novas debatirán sobre os premios literarios na segunda sesión, organizada por Francisco Castro, e pecharán o día María Lado, Olalla Tuñas e Xosé Daniel Costas, moderados por Marta Dacosta nun coloquio sobre a relacións dos novos autores coa súa propia lingua.

peninsulares e denuncian as políticas "de afronta e negación dos idiomas nacionais" de vascos, galegos e cataláns, que contravenen o establecido pola Constitución Española no seu artigo 3.3.

A federación reivindica tamén unha maior presenza das literaturas non castelás no ensino secundario e no bacharelato e alertan, no caso específico de Galicia, da "regresión" no investimento público en cultura, "que imposibilita o desenvolvemento ascendente e normalizado da actividade" e o proceso creativo dos autores e as autoras.

Por último, critican que a Xunta lles retirase o cualificativo "nacionais" aos maiores premios da Administración no campo da creación e que os baleirase de dotación económica, e argumentan que "nestes tempos de globalización se fai aínda máis necesaria a defensa dos sinais de identidade dos pobos e de todas aquelas manifestacións nacionais que resisten o intento recentralizador dos grandes poderes". ■

www.xornal.com  
Opina sobre o pronunciamento dos escritores na nosa páxina web

## O iraniano Alidi gaña no Festival Amal coa película 'O mensaxeiro'

REDACCIÓN  
GALICIA  
cultura@xornaldeg Galicia.com

O mensaxeiro, do director iraniano Sharham Alidi, resultou a gañadora a oitava edición do festival internacional de Cine Euroárabe Amal 2010, na categoría de mellor longametraxe de ficción. Ademais, o seu protagonista, Omar Chawshin, foi galardoado co premio á mellor interpretación masculina.

En canto á mellor dirección, este premio compárteno dous directores, Elia Suleiman, polo seu traballo en *O tempo restante*, e Michel Khleifi, por *Zindeeq*. A mellor curtametraxe de ficción resultou ser a produción francesa *É domingo*, dirixida por Samir Guesmi; mentres que *Camino a Nahr Al Bared*, do sevillano Sebastián Talavera, se impuxo sobre as súas competidoras como a mellor longametraxe documental e *A miña boneca de trapo*, de Shereen Ghieth, alzouse co premio á mellor curta documental.

O premio á mellor dirección foi para Elia Suleiman e Michel Khleifi

Na categoría de mellor actriz, os membros do xurado decidiron outorgar un premio colectivo a Hafsia Herzi, Sondas Belhassen e Wassila Dari polas súas interpretacións en *Segredos enterrados*. O Premio Amal do Público desta oitava edición recae en *Mashi trasi que trasi*, do director catalán Eduardo Alter, e *O tempo restante* de Elia Suleiman recibe o galardón outorgado pola Televisión de Galicia. Para rematar, o Premio desta segunda edición de Amal Express é para *Camión da memoria*.

A gala de entrega dos premios do Festival Amal 2010 tivo lugar o sábado ás oito da tarde no Teatro Principal de Santiago. O acto, conducido pola presentadora Nelly Fernández, acudiron o embaixador de Palestina Musa Odeh; o conselleiro de Cultura, Roberto Varela; o secretario xeral de Medios, Alfonso Cabaleiro; e o reitor da Universidade de Santiago, Juan José Casares Long, entre outras autoridades. ■